

PRIMEIRO LOCAL SOCIAL **NA CASA DE MANOLO CASAL 1951-1962**

O traballo da Xunta Directiva comezou o día 2 de xaneiro de 1952 a partir dese día as reunións serían periódicas.

A Biblioteca, cuidadosamente mimada, foi incrementándose, da man de Emilio Marín, o número de libros e de subscricións de prensa, era moi frecuentada así como os xogos de mesa cos que contaba o Círculo.

Os bailes convertéronse en cita obrigada para os asociados (Baile de Entroido, das Flores, do Mantón, fin de Ano e outros; animados polas mellores orquestras daqueles tempos, “López Malde”, “Bellas López”, “Trevol”, “Os Diamantes”.....).



Grupo de socios na terraza do primeiro local do Círculo, na Casa de Casal.

En xaneiro de 1961 realiza a súa primeira actuación a Rondalla Estrelecer, dirixida polo profesor David Sanjuán, e presentada polo poeta Xosé María Pérez Parallé



Rondalla Estrelecer, do Círculo de Fene, en 1962.



Rondalla Estrelecer e Coro Airiños de Ancos, de Xubia, o día da inauguración do novo local. 1962.

Organizar exposicións de pintura no propio local foi labor habitual en toda a historia da Sociedade, a primeira exposición pictórica data do ano 1957: Emilio Marín presentou a mostra de Rafael Castro Estevez, que a súa vez converteríase nun colaborador infatigable do Círculo, esta primeira mostra pictórica sería clausurada por Camilo Fernández cunha conferencia sobre a arte a través dos tempos.

Presidentes nesta primeira etapa:

José rivera Ruibal (1951-1955)
Juan Eladio Malvar (1955-1959)
Antonio Rivera Roibal (1959-1965)